

Indicadores demográficos

RESUMO DE RESULTADOS

A poboación galega diminuíu no ano 2011 un 0,5%.

A idade media dos galegos no 1 de xaneiro de 2012 era de 45,4 anos.

No ano 2011 alcanzouse a cifra de 1,1 fillos por muller.

A esperanza de vida ao nacer, no ano 2011, chegou aos 82,4 anos.

A taxa bruta de nupcialidade en Galicia diminuíu ata os 3,3 matrimonios por cada 1000 habitantes en 2011.

A análise dunha poboación require a elaboración de indicadores demográficos de xeito continuo, para establecer comparacións temporais, que ademais permitan facer comparacións a nivel territorial. Cada ano, o IGE presenta un conxunto de indicadores demográficos para Galicia, por sexo e ata o nivel municipal, que aportan información acerca da estrutura da poboación, da fecundidade, mortalidade e nupcialidade.

Indicadores de poboación: decrecemento e envellecemento poboacional en Galicia

A poboación galega diminuíu no ano 2011 un 0,5%, segundo as cifras oficiais de poboación obtidas do Padrón municipal de habitantes no 1 de xaneiro de 2012, confirmando así o cambio de tendencia iniciado no ano anterior, no que a diminución quedara cifrada no 0,1%. Por provincias, 2011 foi o primeiro dos últimos anos no que todas as provincias galegas presentaron decrecementos na súa poboación residente:

Taxa de crecemento composto continuo da poboación

Unidades: porcentaxe

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
GALICIA	0,2	0,2	0,4	0,4	0,1	-0,1	-0,5
A Coruña	0,2	0,3	0,6	0,6	0,1	0,1	-0,3
Lugo	-0,3	-0,4	0,1	-0,1	-0,5	-0,6	-0,8
Ourense	-0,3	-0,5	-0,2	-0,1	-0,1	-0,6	-0,9
Pontevedra	0,5	0,5	0,6	0,7	0,3	0,1	-0,5

FONTE: IGE. Indicadores demográficos

Este decrecemento vén acompañado dunha continua diminución no peso relativo da poboación de Galicia con respecto á poboación total de España. Se no ano 2000 a poboación galega representaba o 6,7% da poboación española, no ano 2012 esta porcentaxe diminúe ata o 5,9%.


En canto á distribución da poboación de Galicia nas catro provincias, Lugo e Ourense continúan a perder representatividade mentres que A Coruña e Pontevedra seguen aumentando a proporción de poboación.

Porcentaxe de poboación segundo ámbito xeográfico

	2000	2012
GALICIA / ESPAÑA	6,7	5,9
A Coruña / GALICIA	40,6	41,1
Lugo / GALICIA	13,4	12,5
Ourense / GALICIA	12,6	11,9
Pontevedra / GALICIA	33,4	34,5

FONTE: IGE. Indicadores demográficos

Galicia caracterízase por ter unha poboación dispersa. A *densidade de poboación* mide o número de habitantes por cada quilómetro cadrado de superficie do territorio. A comparación dos mapas de densidade de poboación ao longo do tempo reflicte o despoboamento que se está a producir en moitos concellos de Galicia:



Outra característica da poboación galega é que está inmersa nun proceso de envellecemento que afecta a toda Europa. A *idade media da poboación* no caso galego continúa a incrementarse ano tras ano:


Idade media da poboación no 1 de xaneiro

Unidades: anos

	2000	2012
GALICIA	42,3	45,4
A Coruña	41,8	45,0
Lugo	45,8	48,5
Ourense	46,0	49,0
Pontevedra	40,0	43,4


FONTE: IGE. Indicadores demográficos

Na estrutura por idades da poboación galega pódese comprobar o proceso de envellecemento: diminúe o peso do grupo de individuos de menores de 20 anos e incrementábase o de 65 e máis anos:




Para a análise máis específica do proceso de envellecemento úsase o *índice de envellecemento*, que calcula o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 persoas menores de 20 anos. Desde o ano 1975 o seu continuo incremento reflicte a velocidade de envellecemento da poboación de Galicia nos últimos anos, superior no caso das mulleres:

Índice de envellecemento. Galicia



Outro indicador, o *índice de sobreenvellecemento*, mostra como está estruturado o grupo de 65 ou máis anos: calcula que porcentaxe representa a poboación de 85 ou máis anos sobre o grupo de 65 ou máis anos.


Índice de sobreenvellecemento. Galicia



Unha das preocupacións que xorden a raíz do envellecemento dunha poboación é como se incrementa a denominada poboación en idade potencialmente dependente, que engloba á poboación menor de 15 anos e a de máis de 64 anos, con respecto á poboación en idade potencialmente activa, que inclúe á poboación de entre 15 e 64 anos. O IGE calcula tres indicadores para estudar estas proporcións:


- O *índice de dependencia global*, que relaciona á poboación menor de 15 anos e a de 65 ou máis anos con respecto á poboación de entre 15 e 64 anos, desde o ano 1975 diminúa lixeiramente ata que no ano 2008 empeza a incrementarse:

Índice de dependencia global. Galicia




- O *índice de dependencia xuvenil*, que relaciona á poboación menor de 15 anos con respecto á poboación entre 15 e 64 anos, caracterízase na actualidade ademais de pola súa estabilidade, por non presentar grandes diferenzas entre sexos:

Índice de dependencia xuvenil. Galicia



- O *índice de dependencia senil*, que relaciona á poboación de 65 ou máis anos con respecto á poboación entre 15 e 64 anos, en cambio si que está caracterizado polo seu incremento continuado e pola diferenza que existe entre ambos sexos:


Índice de dependencia senil. Galicia



O IGE estuda a composición do colectivo de poboación en idade potencialmente activa cos seguintes indicadores:


- O *índice de estrutura da poboación en idade activa*, que relaciona a poboación de entre 40 e 64 anos coa poboación de entre 15 e 39 anos, mantiña certa estabilidade ata o ano 2000, pero presenta un importante crecemento a partir dese ano:

Índice de estrutura da poboación en idade activa. Galicia



- O *índice de recambio da poboación en idade activa*, que compara o colectivo que sae da poboación en idade potencialmente activa, os individuos de 60 a 64 anos, co grupo de poboación que entra na poboación en idade potencialmente activa, as persoas de 15 a 19 anos; este indicador experimenta un incremento moi considerable a partir do ano 2004 e segundo o último dato dispoñible, correspondente ao ano 2012, sitúase nun valor de 151,0: é dicir, por cada 100 persoas de entre 15 e 19 anos hai 151 persoas de 60 a 64 anos.

Índice de recambio da poboación en idade activa. Galicia



A composición da poboación galega segundo sexos pode medirse co *índice de masculinidade*, definido como o número de homes por cada 100 mulleres, en cada ámbito xeográfico. Non só se detectan co paso do tempo variacións neste indicador, senón que tamén existen diferenzas entre as distintas comarcas de Galicia en canto á presenza de máis homes ou mulleres:

Índice de masculinidade

Unidades: homes por cada 100 mulleres

Comarca	2000	2012	Comarca	2000	2012
GALICIA	92,5	93,4	Quiroga	94,8	97,3
Arzúa	97,3	99,3	Sarria	98,5	98,4
Barbanza	95,1	96,3	Terra Chá	96,6	97,0
A Barcala	92,4	92,4	Terra de Lemos	91,8	92,8
Bergantiños	96,2	95,9	A Ulloa	95,7	97,9
Betanzos	94,0	96,5	Allariz-Maceda	93,8	98,2
A Coruña	89,8	90,4	Baixa Limia	89,9	96,0
Eume	97,8	97,1	O Carballiño	89,1	91,2
Ferrol	91,2	92,5	A Limia	96,5	98,3
Fisterra	95,2	95,6	Ourense	89,6	88,9
Muros	92,3	92,9	O Ribeiro	88,2	93,3
Noia	92,6	94,5	Terra de Caldelas	98,7	102,9
Ordes	95,5	96,2	Terra de Celanova	89,1	91,8
Ortegal	92,7	94,9	Terra de Trives	101,3	102,5
Santiago	90,5	90,2	Valdeorras	97,7	97,7
O Sar	92,4	91,9	Verín	97,7	100,1
Terra de Melide	101,3	101,2	Viana	101,1	106,6
Terra de Soneira	95,4	95,5	O Baixo Miño	93,8	96,7
Xallas	95,7	92,7	Caldas	92,4	94,1
Os Ancares	108,7	112,2	O Condado	91,4	96,7
Chantada	96,3	95,0	Deza	94,4	96,7
A Fonsagrada	109,2	109,9	O Morrazo	96,3	98,6
Lugo	90,9	90,1	A Paradanta	89,9	96,5
A Mariña Central	92,9	96,0	Pontevedra	90,3	92,0
A Mariña Occidental	95,8	96,5	O Salnés	94,2	94,6
A Mariña Oriental	91,2	92,0	Tabeirós-Terra de Montes	87,3	91,6
Meira	96,0	97,7	Vigo	91,4	93,0

FONTE: IGE. Indicadores demográficos

Indicadores de natalidade e fecundidade: diminución desde o ano 2008

Galicia continúa inmersa nun proceso de redución das taxas de natalidade e fecundidade, despois do máximo alcanzado no ano 2008. Todas as provincias presentan no ano 2011 taxas brutas de natalidade inferiores ás rexistradas o ano anterior:


Taxa bruta de natalidade

Unidades: nacementos por 1000 habitantes

	2011
GALICIA	7,7
A Coruña	8,1
Lugo	6,2
Ourense	5,9
Pontevedra	8,5

FONTE: IGE. Indicadores demográficos

Taxa bruta de natalidade (‰)



Alguns concellos de Galicia non experimentan esta diminución e manteñen taxas de natalidade superiores á de Galicia; outros, presentan taxas moi próximas a cero:

Concellos con maiores e menores taxas brutas de natalidade

Unidades: nacementos por cada 1000 habitantes

2011		2011	
Soutomaior	15,9	Muras	0,0
Barro	14,1	Navia de Suarna	0,0
Ames	13,6	Ribeira de Piquín	0,0
Oroso	13,4	Cenlle	0,0
Salceda de Caselas	13,3	Larouco	0,0
Arteixo	12,0	Parada de Sil	0,0
Porriño (O)	11,9	Veiga (A)	0,0
Ribadumia	11,5	Verea	0,0
Narón	10,8	Vilariño de Conso	0,0
San Cibrao das Viñas	10,7	Ramirás	0,5


FONTE: IGE. Indicadores demográficos

Un indicador amplamente utilizado é o denominado *Índice sintético de fecundidade* ou número de fillos por muller, obtido como a suma das taxas específicas de fecundidade das mulleres en idade fértil (de 15 a 49 anos); no ano 2011 cifrouse en 1,1 fillos por muller para Galicia.

Concellos con maiores e menores ISF

	2011		2011
Mañón	2,0	Muras	0,0
Barro	1,9	Navia de Suarna	0,0
Soutomaior	1,8	Ribeira de Piñón	0,0
Mondariz-Balneario	1,8	Cenlle	0,0
Cerdido	1,8	Larouco	0,0
Monfero	1,6	Parada de Sil	0,0
Monterrei	1,5	Veiga (A)	0,0
Laxe	1,5	Verea	0,0
San Cibrao das Viñas	1,5	Vilariño de Conso	0,0
Oroso	1,5	Melón	0,1

FONTE: IGE. Indicadores demográficos



A *idade media á maternidade*, calculada como a media aritmética das idades ás que as mulleres teñen os fillos, ponderada polas taxas específicas de fecundidade de cada grupo de idade, continúa a incrementarse ano tras ano:


Idade media á maternidade

2011

GALICIA	32,1
A Coruña	32,4
Lugo	31,9
Ourense	31,7
Pontevedra	32,0

FONTE: IGE. Indicadores demográficos

Idade media á maternidade. Galicia



Indicadores de mortalidade: aumenta a esperanza de vida

En canto á taxa bruta de mortalidade, mantense en niveis estables nos últimos anos; os lixeiros incrementos que se producen son debidos ao envellecemento da poboación.

Taxa bruta de mortalidade


Unidades: defuncións por 1000 habitantes

2011

GALICIA	10,7
A Coruña	10,2
Lugo	13,8
Ourense	14,0
Pontevedra	9,1

FONTE: IGE. Indicadores demográficos

Taxa bruta de mortalidade (%o)



Concellos con maiores e menores taxas brutas de mortalidade

Unidades: defuncións por cada 1000 habitantes

	2011		2011
Lobeira	33,8	Ames	4,5
Muras	33,8	Salceda de Caselas	5,7
Teixeira (A)	33,2	Oroso	5,9
Vilamartín de Valdeorra:	31,2	Arteixo	6,1
Larouco	30,5	Pontecesures	6,4
Valadouro (O)	28,4	Culleredo	6,6
San Xoán de Río	27,3	Soutomaíor	6,6
Bolo (O)	25,4	Gondomar	6,8
Cervantes	25,3	Burela	7,0
Pobra de Trives (A)	25,2	Cambre	7,0

FONTE: IGE. Indicadores demográficos

A *esperanza de vida ao nacer* en Galicia, entendida como unha estimación do promedio de anos que viviría unha persoa nacida no ano de referencia no caso de que as condicións de mortalidade se mantivesen constantes e semellantes ás do ano de referencia, alcanzou no ano 2011 os 82,4 anos:

Esperanza de vida ao nacer

	2011
Ambos sexos	82,4
Homes	79,0
Mulleres	85,8

FONTE: IGE. Indicadores demográficos

Esperanza de vida ao nacer



A *esperanza de vida aos 65 anos* en Galicia, neste caso entendida como unha estimación do promedio de anos que lle queda por vivir a unha persoa que chega con vida aos 65 anos no ano de referencia no caso de que as condicións de mortalidade se mantivesen constantes e semellantes ás do ano de referencia, chegou no ano 2011 aos 21,3 anos:

Esperanza de vida aos 65 anos

2011	
Ambos sexos	21,3
Homes	18,9
Mulleres	23,3

FONTE: IGE. Indicadores demográficos

Esperanza de vida aos 65 anos



Indicadores de nupcialidade: diminución do número de matrimonios

A *taxa bruta de nupcialidade*, calculada como o número de matrimonios por cada 1000 habitantes, diminúe ano tras ano:

Taxa bruta de nupcialidade


Unidades: matrimonios por 1000 habitantes

2011

GALICIA	3,3
A Coruña	3,6
Lugo	2,9
Ourense	2,7
Pontevedra	3,3

FONTE: IGE. Indicadores demográficos

Taxa bruta de nupcialidade (%)



A idade media ao primeiro matrimonio continúa a ser superior en máis de dous anos no caso dos homes con respecto ao das mulleres, segundo os datos correspondentes ao ano 2011:

Idade media ao primeiro matrimonio. 2011

Unidades: anos

	Homes	Mulleres
GALICIA	33,5	31,3
A Coruña	33,6	31,4
Lugo	34,6	31,9
Ourense	33,2	30,8
Pontevedra	33,3	31,2

FONTE: IGE. Indicadores demográficos

Idade media ao primeiro matrimonio. Galicia



Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Información: 900 102 104 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981 541 323

Síguenos en Twitter:

http://twitter.com/#!/IGE_Estatistica

Síguenos en Facebook:

<http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>